

ADAPTACION DA PROGRAMACION DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR AYALA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: FISICA E QUIMICA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS

DATA

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

A situación escolar á que nos derivaron as causas excepcionais da pandemia do COVID19, fai oportuna a adaptación da programación do curso, os criterios de avaliación e cualificación, así como a metodoloxía a seguir no 3º trimestre. O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

O presente documento e, polo tanto, unha adaptación da programación xeral e presenta os criterios a seguir nesta recta final do curso académico.

En primeiro lugar, é importante salientar que á hora de especificar uns estándares de aprendizaxe e unhas competencias imprescindibles, compre ter en conta que no caso da materia de FísicaQuímica 2º ESO, o alumnado achegouse por primeira vez a unha asignatura nova no mes de setembro e, polo tanto, o feito de non poder seguir con normalidade a terceira avaliación fai imprescindible marcar uns estándares e unhas competencias moi básicas.

No tocante á comprensión da asignatura e a realización de exercicios adoptome o realizado na primeira e segunda avaliación xa que nesta terceira é imposible fixar criterios coherentes para todos os alumnos xa que a dispoñibilidade de recursos informáticos non e a mesma para todos e ademáis a imposibilidade de cerciorarse da realización das probas por eles mesmos.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñece o obxectivo da física e a química, e sabe identificar cada unha das fases do método científico	Cambios de unidades mediante factores de conversión.
Coñecer a estrutura do átomo e as características das partículas compñentes do átomo e as súas relacións	Coñocer el modelo cinético de la materia
Identificar conceptos como número atómico, másico, masa atómica, masa molecular, ión, isótopo, catión e anión.	
Coñecer as leis da conservación da masa e a lei de Lavoissieur.	
Coñecer as propiedades dos líquidos e sólidos e o seus cambios de estado	
Coñecer o concepto de mol, nº de moléculas, nº de Avogadro e nº de átomos.	
Coñecer os distintos tipos de reaccións e compostos químicos. Saber axustar relacións estequiométricas.	
Formulación orgánica e inorgánica.	Coñocer las propiedades de líquidos e sólidos
Recoñecer os diferentes tipos de movemento e os elementos que o definen (traxectoria, espazo, velocidade e aceleración). Construcción de gráficas espazo-tempo e velocidade-tempo. Resdolver problemas de m.r.u., m. r.u. A, caída libre e m.c.	
Coñecer as Leis de Newton	Coñocer a estrutura atómica
	Comprender os fundamentos da clasificación periódica
	Coñecer as leis da conservación da masa
	Coñecer o concepto de mol, nº de moléculas, nº de Avogadro, nº de átomos
	Saber axustar as relacións estequiométricas
	Formulación inorgánica e orgánica
	Concepto de movemento e os elementos que o definen
	Leis de Newton

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación do alumno constará de entrega de traballos consistentes en cuestións teórico-prácticas nas que o alumno deberá probar os seus coñecementos sobre o tema ou temas tratados en cada trimestre. Estas probas serán cualificables e formarán parte das notas, tanto parciais como finais de cada asignatura. Do mesmo xeito, o traballo persoal realizado polos alumnos tamén formarán parte da devandita nota</p>
	<p>Instrumentos: Observacións levadas a cabo polo profesor durante as clases presenciais (ata o mes de marzo). Traballo realizado polo alumnado dende o seu domicilio durante o confinamento (de carácter obrigatorio), que será tido en conta sempre de maneira positiva. A Xunta de Galicia establece que as tarefas posteriores ao estado de alarma servirán para mellorar a nota ou superar as materias suspensas. Nunca se poderá obter unha cualificación inferior á dos trimestres anteriores. Cualificacións obtidas ata as datas anteriormente sinaladas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para a cualificación final dos alumnos e alumnas teranse en conta: - As observacións feitas polo profesor ata o mes de marzo nas aulas. - Cualificacións obtidas ata as datas anteriormente sinaladas. - O traballo realizado polo alumnado desde a súa casa. Os alumnos-as recibirán bloques de fichas semanais que deben traballar e reenviar ao profesor (obrigatoriamente). Este traballo non repercutirá nunca de maneira negativa. - Ao ser unha materia de avaliación continua, aqueles que non foran capaces de superar a 2ª avaliación terán a oportunidade de facelo agora seguindo a mesma rutina de traballo que os demais</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No suposto de ter que presentar unha proba extraordinaria no mes de setembro, os alumnos enfrontaríanse cunha proba de carácter teórico-práctico que suporá o 100% Da nota, que será superada cunha nota mínima de 5. a nota máxima que poderá obter nesta convocatoria será dun 6. - No caso de ter que presentar esta proba, xa non se terían en conta as observacións previas nin o traballo realizado durante os meses de confinamento.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os alumnos con materias pendentes do curso anterior foron realizandotraballos da cordo coa programación prevista. Por mor do confinamento se lles propoñen traballos para a recuperación da materia pendente, por os medios informáticos</p> <p>Criterios de cualificación: Para a cualificación dos alumnos-as terase en conta:</p>

- O traballo realizado durante o curso. O profesor foi entregando bloques de tarefas que axudaban a revisar a materia.
- As tarefas enviadas durante o período de confinamento, que serán reenviadas ao profesor nas datas previstas.
- Os estándares e competencias imprescindibles serán os que veñen especificados neste documento por considerar que as circunstancias dificultan o traballo do alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación directa: comportamento e actitude cara a materia.

- Caderno do alumno: actividades propostas, apuntamentos, entre outros.
- Traballos entregados por parte dos alumnos en formato electrónico relacionados coas unidades didácticas impartidas,

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>O 3º trimestre tivo que ser enfocado dunha maneira diferente á que reflexa a programación xeral presentada en setembro.</p> <ul style="list-style-type: none">- Unha vez rematada a 2ª avaliación, o comenzo do 3º trimestre baseouse no repaso dos contidos tratados de maneira presencial, ante a dúbida de poder ou non voltar ás aulas. Desta maneira, os alumnos-as foron recibindo semanalmente (a través da web do centro) bloques de tarefas para desenvolver na casa. Tamén de maneira semanal, foronse publicando as correccións oportunas a estas tarefas.- Unha vez recibida a información oficial da Xunta de Galicia (Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia), que especifica como abordar o 3º trimestre, os alumnos continuaron a recibir tarefas semanais pero agora coa obriga de ser reenviadas ao profesor. Estas tarefas son a partir deste momento un instrumento de avaliación e cualificación.- As devanditas tarefas céntranse en bloques de contidos xa vistos, comenzando desde o principio e seguindo a orde marcada polos recursos utilizados nas aulas: libro de texto e caderno de exercicios. Cétrase, polo tanto, este 3º trimestre no repaso.- Ao centrar o trimestre no repaso, os alumnos–as que non superaran a 2ª avaliación teñen a opción de aprobala seguindo a mesma rutina de traballo que os demais. Temos que lembrar que esta materia xa estaba estipulada previamente como materia de avaliación continua.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Para seguir o traballo a distancia os alumnos-as poden visualizar as tarefas</u> semanais na web do centro, onde serán publicadas</p> <ul style="list-style-type: none">- Aqueles alumnos-as que non dispoñan dos medios dixitais axeitados poden utilizar as canles propostas polos concellos, neste caso, a recepción das tarefas impresas nos seus domicilios.-Á hora de reenviar as tarefas, poderán utilizar como soporte a opción word, fotografía das mesmas realizadas sobre as fotocopias ou calquera outro <u>soporte</u>.
Materiais e recursos	<p><u>Para seguir un ritmo de traballo axeitado os alumnos-as contan cos seguintes</u> materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Os libros de texto que estaban a ser utilizados nas clases presenciais.-Fotocopias que o profesor foi entregando de maneira puntual para unha mellor comprensión de certos bloques de contido.-Pequenos recordatorios teóricos incluídos nos bloques de tarefas enviados.-Enlaces de internet propostos polo profesor (nunca tidos en conta para a avaliación e cualificación coa fin de non crear unha situación de desigualdade en prexuízo daqueles que non posúan os medios dixitais apropiados)

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar o alumnado. Para informar ao alumnado e as súas familias nos cambios da programación, debido as causas por todos coñecidas, as familias recibirán unha mensaxe a través da plataforma ABALAR. Se algunha familia non conta con dita plataforma será informada por correo electrónico ou chamada telefónica.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Os documentos coas adaptacións das programacións, por materias, serán publicados na web do centro